



Galicia

Comisión Executiva

Adherida á CSI e á CES

Comunicado de Prensa

UGT-Galicia insiste na necesidade de incidir na protección social e no papel das administracións nunha conxuntura con 16.300 fogares galegos nos que non entran ingresos e 49.300 vivendas familiares nas que todos os seus activos están no paro

O paro continúa medrando, o que obriga a centrar todos os esforzos, no eido do diálogo social, no mantemento e recuperación do emprego

A cobertura social é en Galicia do 68,1 por cento, afastada do 77,3 por cento estatal

Santiago, 2 de febreiro de 2010. Os datos do paro que da a coñecer hoxe o INEM reflicten, un mes máis, unha situación preocupante do mercado laboral desta comunidade, cun incremento do desemprego en termos mensuais dun 3,94 por cento, fronte ao 3,18 por cento do resto do Estado, o que supón 0,76 puntos máis. Galicia xa leva seis meses repetindo esta suba por enriba da media do resto das comunidades autónomas.

En termos absolutos o desemprego medra en 8.789 persoas. Así, en xaneiro foron 231.628 os desempregados rexistrados en Galicia, cifra que non se acadaba dende 1996. No conxunto do Estado o número total de parados ascende aos 4.048.493, pasando a barreira dos catro millóns de desempregados.

Para UGT-Galicia, é evidente que pódese e débese facer máis para saír desta situación de crise. O Sindicato aposta por centrar todos os esforzos no mantemento e recuperación do emprego. Neste senso, todo o diálogo social debe xirar ao redor deste obxectivo básico. E esta prioridade de dar resposta á crise do emprego debe ser a protagonista do diálogo bilateral entre patronal e organizacións sindicais, en torno á negociación colectiva, e do diálogo tripartito dos interlocutores sociais no Goberno.

Ademais, unha vez máis, UGT-Galicia ten que insistir na necesidade de cambio de modelo produtivo e que as empresas invistan en innovación, modernización de tecnoloxías, en formación, que busquen novos mercados basándose na mellora da produtividade e non na competitividade a través da redución de costes.

Todo elo, sen esquecer que a recuperación do mercado de traballo pasa pola necesidade de reactivar a demanda, actuando a través das políticas públicas, atendendo á crecente proporción de desempregados de longa duración, que vense incapaces de atopar un posto de traballo nun mercado paralizado pola falla de

actividade económica. Neste senso, UGT-Galicia alerta sobre o feito de que en 16.300 fogares galegos non entra ningún tipo de ingreso, cifra que medra considerablemente en relación ao primeiro trimestre de 2009, cando esta era de 15.200. Pódese e débese facer máis en materia de protección ás persoas e pódese e débese facer máis para reinsertar no mercado laboral a quen non atopan emprego ou o perderon. De feito, en materia de protección, hai que destacar que a taxa de cobertura por desemprego é do 68,1 por cento, afastada do 77,3 por cento estatal.

Ademais de necesidade de manter a protección social, buscando a redución e axuste da débeda pública e o déficit por outros camiños que non desprotexan aos traballadores nestes momentos de necesidade, hai que impulsar políticas activas. Este tipo de políticas deben dirixirse aos colectivos con máis dificultades de inserción no mercado de traballo, así como, a aqueles que caen nun maior risco de exclusión social, neste caso, sobre todo, dende os recursos que entran no ámbito de competencia das comunidades autónomas.

Segundo cos datos que achega hoxe o INEM, é destacable que en termos interanuais o desemprego medra nun 15,1 por cento en Galicia, fronte ao 21,66 por cento estatal.

Por sexos, o paro aumenta en ambos en relación a decembro, de xeito máis acusado no caso masculino, un 3,99 por cento, fronte ao incremento do 3,91 por cento no feminino. Aínda que as mulleres seguen a ser o colectivo máis prexudicado, 124.015 desempregadas, fronte a 107.613 homes. Do total do desemprego o 53,5 por cento é feminino, estase a mudar a tendencia amosada durante o ano 2009 e agora as mulleres comezan a estar prexudicadas con intensidade como no caso masculino.

Os menores de 25 anos amosan un significativo descenso, de feito, en relación ao mes anterior, este foi do -2,35 por cento.

Por sectores, o paro aumenta en todos, máis acusadamente nos servizos, nun 5,30 por cento; na construción medra nun 3,82 por cento; e no sector primario, un 2,54 por cento. Con menor incidencia na industria, nun 1,78 por cento, e no colectivo de sen emprego anterior, nun 0,76 por cento.

Tamén aumenta en todas as provincias. Nun 5,9 por cento en Lugo; un 6,04 por cento en Ourense; un 3,89 por cento en Pontevedra; e un 2,96 por cento en A Coruña.

En relación ao mesmo mes do ano anterior, o desemprego tamén medra en todas as provincias, en Ourense nun 9,8 por cento; en Pontevedra, nun 15,37 por cento; en A Coruña, nun 16,16 por cento; e en Lugo, nun 15,8 por cento.

NOTA: O VOCEIRO DESTE TEMA É O SECRETARIO DE FORMACIÓN E EMPREGO DE UGT-GALICIA, JOSÉ DOMINGO BARROS. TELÉFONO: 679451570.

GALICIA	2010/Xaneiro	VARIACIÓN SOBRE			
		2009/Decembro		2009/Xaneiro	
			%		%
DESEMPREGO					
Nº desempregados rexistrados	231.628	8.789	3,94	30.312	15,1
* homes	107.613	4.126	3,99	18.055	20,2
* mulleres	124.015	4.663	3,91	12.257	11,0
Nº parados mozos < 25 anos	22.937	-553	-2,35	1.832	8,7
Nº desempregados estranxeiros	12.439	572	4,82	2.968	31,3
Nº desempregados por sectores*					
* agricultura	6.504	161	2,5		
* industria	35.662	622	1,8		
* construción	37.571	1.381	3,8		
* servizos	128.150	6.446	5,3		
* sen emprego anterior	23.741	179	0,8		
Beneficiarios prestación por desemprego (decembro)	151.828				
Taxa de cobertura (decembro)	68,1				
CONTRATACIÓN					
Nº contratos	49.015	1.759	3,7	-5.580	-10,2
Nº contratos indefinidos	5.311	1.283	31,9	-1.617	-23,3
Nº contratos temporais	43.704	476	1,1	-3.963	-8,3
AFILIACIÓN Á SEGURIDADE SOCIAL					
Nº afiliados (datos provisionais)	1.004.493	-16.632	-1,63	-30.713	-2,97

* Debido á entrada en vigor da nova CNAE2009 prodúcese un cambio na clasificación do paro rexistrado por sectores (especialmente afecta ao colectivo Sen emprego anterior) polo que só se analiza a variación mensual, por non dispor dos datos do mes de xaneiro do ano 2009 adaptados a esta nova metodoloxía.

Fonte: Gabinete Económico Comisión Executiva UGT Galicia, a partir dos datos do MTIN